

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1054 *Real decreto 37/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan aspectos relativos á protección dos animais no momento da matanza.*

Desde o 8 de decembro de 2009 está en vigor o Regulamento (CE) n.º 1099/2009 do Consello, do 24 de setembro de 2009, relativo á protección dos animais no momento da matanza. O regulamento é de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2013, excepto algunhas disposicións relativas aos matadoiros.

Aínda que o regulamento é de directa aplicación, considérase que cómpre establecer algunhas disposicións no relativo á matanza de animais que se realice fóra do matadoiro, en particular sobre a matanza de animais de peletaría, de pitos dun día ou ovos embrionados, e sobre o baleirado sanitario. Tamén cómpre aclarar algúns aspectos relativos á matanza de emerxencia fóra do matadoiro e para consumo doméstico privado, que facilite que o órgano competente da comunidade autónoma estableza os requisitos administrativos necesarios para que estas actividades se poidan realizar cumprindo a normativa comunitaria. Isto axudará a garantir o cumprimento da normativa de protección de animais durante o seu transporte, en particular o relativo á aptitude para o transporte, respectando ao mesmo tempo a normativa de hixiene dos alimentos.

Dada a posibilidade de que as empresas estranxeiras comercialicen en España equipamentos de suxeición ou atordamento, cómpre prever que a información sobre estes se difunda en castelán, co fin de que se aseguren unhas condicións óptimas de benestar animal.

Por outra parte, e de maneira xeral para a realización das actividades reguladas nesta norma, requírese ter un certificado de competencia que garanta que as persoas que as levan a cabo o fan sen lles causaren aos animais dor, angustia ou sufrimento evitable. Dado que cabe supor que o persoal con, polo menos, tres anos de experiencia acumulou certos coñecementos, o regulamento prevé unha disposición transitoria para que as autoridades competentes recoñezan a experiencia profesional dos traballadores. Faise necesario tamén establecer uns requisitos administrativos harmonizados que posibiliten o movemento do persoal entre distintas comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación prevista na disposición derradeira sexta da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio. Dado o carácter marcadamente técnico desta disposición, considérase axustada a súa adopción mediante real decreto, polo que se procede a derrogar formalmente, para que desapareza do ordenamento, o Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, ditado para traspoñer a Directiva 93/119/CE do Consello, do 22 de decembro de 1993, que foi substituída desde o 1 de xaneiro de 2013 polo citado Regulamento (CE) n.º 1099/2009.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxectivos e ámbito de aplicación.*

1. O obxectivo deste real decreto é o desenvolvemento da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, establecendo disposicións específicas de aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 1099/2009 do Consello, do 24 de setembro de 2009, relativo á protección dos animais no momento da matanza:

- a) No relativo á formación das persoas que realizan a matanza e as operacións conexas a ela.
- b) Nalgúns aspectos no relativo á matanza de animais nas explotacións dedicadas á produción de animais de peletaría e nas cales se maten pitos de ata 72 horas ou ovos embrionados, así como ao baleirado sanitario.
- c) Nos requisitos mínimos para realizar a matanza de emerxencia fóra do matadoiro e para consumo doméstico privado.
- d) No relativo á comercialización en España de produtos de equipamento de suxeición e atordamento.

2. O presente real decreto non se aplicará aos animais enumerados no artigo 1.3 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións do Regulamento (CE) n.º 1099/2009 do Consello, do 24 de setembro de 2009, así como as da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

Artigo 3. *Disposicións xerais sobre a competencia do persoal que realiza o sacrificio ou matanza e operacións conexas.*

1. A matanza e as operacións conexas a ela deberán realizalas unicamente persoas co nivel de competencia adecuado para este fin, sen lles causaren aos animais dor, angustia ou sufrimento evitable. De acordo cos artigos 7 e 21 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, esta competencia acreditarase mediante o correspondente certificado.

2. En relación coas ditas persoas e co fin de garantir unha implementación harmonizada do regulado pola devandita norma na materia:

a) A autoridade competente poderá delegar a organización dos cursos que se realicen para tal efecto en universidades, entidades de dereito público, colexios profesionais, cooperativas, organizacións de produtores, centros docentes públicos e privados e empresas ou entidades privadas se:

- 1.º Dispoñen dos equipamentos e da infraestrutura necesarios.
- 2.º Contan con persoal suficiente cos coñecementos e coa cualificación adecuada.

A realización do exame final e a concesión do certificado poderanas levar a cabo a autoridade competente ou as entidades en que delegase que, ademais dos requisitos anteriores, sexan independentes e estean libres de todo conflito de intereses no que respecta ás tarefas que lles foron delegadas.

b) O órgano competente das comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla informará a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, a través das canles oportunas, sobre o sistema establecido no seu ámbito territorial para asegurar o cumprimento do relativo a esta competencia, incluíndo, se é o caso, os organismos e as entidades en que se delegou, especificando neste último caso se comprende a realización dos cursos, do exame final ou a concesión do certificado de

competencia. Igualmente, notificarase calquera modificación ou suspensión desta delegación.

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición poñerá á disposición do público, no seu sitio web, os detalles dos organismos ou entidades en que se delegasen tales funcións.

c) O órgano competente das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla poderá recoñecer, como equivalentes para obter o certificado de competencia en benestar animal, na categoría de animais que corresponda, as cualificacións obtidas con outros fins, incluída a titulación que capacite para exercer como veterinario, sempre que nestes casos se conte coa debida formación exixida conforme o Regulamento (CE) n.º 1099/2009. Para estes efectos serán válidos tamén os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade ou, se é o caso, a súa acreditación parcial, que inclúan a formación exixida conforme o Regulamento (CE) n.º 1099/2009.

O órgano competente informará a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición sobre as cualificacións obtidas con outros fins e os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que inclúan a formación exixida conforme o Regulamento 1099/2009, co fin de dar cumprimento ao punto 7 do artigo 21 do citado regulamento, nos prazos e coa forma que se determine de común acordo. Esta información actualizarase unha vez realizada polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social a modificación a que se refire a disposición adicional segunda.

d) O certificado de competencia en benestar animal emitido por un órgano competente producirá efecto en todo o territorio nacional.

e) Sen prexuízo da información requirida na normativa comunitaria, o certificado de competencia incluírá, polo menos, a identificación do organismo que emite o certificado e o número de documento nacional de identidade (DNI) para cidadáns españois ou, en caso de estranxeiros, o número de identidade de estranxeiro (NIE); en defecto de calquera deles, o número de pasaporte.

f) Cando se comprobasen os requisitos establecidos nos números 5 e 6 do artigo 21 do Regulamento 1099/2009, a autoridade competente poderá expedir certificados de competencia provisionais cunha validez máxima de tres meses.

g) Para a suspensión e retirada dos certificados de competencia, incluídos os expedidos mediante o procedemento simplificado regulado na disposición transitoria segunda e os provisionais da anterior subalínea f), atenderase ao disposto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009.

h) Sen prexuízo do disposto no número 6 do artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, o operador económico designará un encargado de benestar animal e asegurarse de que este dispón dun certificado de competencia expedido para todas as operacións que se leven a cabo no matadoiro que estea baixo a súa responsabilidade, e dotarao de autoridade para tomar decisións sobre benestar animal en relación coas tarefas que se lle asignen nos procedementos normalizados de traballo.

Artigo 4. Requisitos para a matanza nas explotacións dedicadas á produción de animais de peletaría e nas explotacións en que se maten pitos de ata 72 horas ou ovos embrionados.

1. O titular da explotación remitirá, ao órgano competente que lle outorgou a autorización prevista no artigo 36 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, relativa ao cumprimento da normativa de protección animal, polo menos un mes antes de realizar a primeira matanza de animais que prevexa, unha declaración responsable de que dispón, de acordo coa lexislación vixente, de:

a) Instalacións onde se leva a cabo a matanza dos animais e de equipamentos adecuados.

b) Sistema de atordamento e de matanza dos animais.

c) Procedementos normalizados de traballo ou guía de boas prácticas.

d) Unha ou varias persoas que levan a cabo o atordamento e a matanza dos animais, que dispoñen do certificado de competencia para realizar estas operacións, no caso das explotacións de produción de animais de peletaría.

2. Os titulares das explotacións de peletaría comunicarán á autoridade competente, cunha antelación previa de sete días naturais, a data de inicio da matanza dos animais.

Artigo 5. *Baleirado sanitario.*

Para permitir a súa remisión á Comisión Europea, o órgano competente das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla remitiralle á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente:

a) Antes do 30 de abril de cada ano, o informe relativo ás operacións de baleirado sanitario realizadas o ano precedente, coa información prevista na normativa vixente.

b) A información sobre as excepcións concedidas respecto ás disposicións da normativa vixente, de acordo co artigo 18.3 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, cando as ditas excepcións se concedan.

c) Unha listaxe dos plans de continxencia e dos procedementos normalizados de traballo existentes na dita comunidade autónoma ou cidade de Ceuta e Melilla, que garantan o cumprimento da normativa comunitaria na materia, ou a información relativa ao sitio web onde están dispoñibles, se é que foron postos á disposición do público a través da internet.

Artigo 6. *Comercialización de produtos de equipamento de suxeición e atordamento.*

Co fin de que os usuarios coñezan detalladamente como se deben utilizar e manter os aparellos que se utilicen no ámbito regulado no Regulamento (CE) n.º 1099/2009, e para garantir un benestar óptimo dos animais:

a) A comercialización en España do dito equipamento só se poderá realizar no caso de que vaian acompañados das instrucións redactadas, polo menos, na lingua española oficial do Estado español, adecuadas para o seu uso, de forma que se aseguren unhas condicións óptimas de benestar. Nestas instrucións especificarase en particular a información establecida no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009.

b) Os responsables da dita comercialización en España remitirán á comunidade autónoma en que radique a súa sede a información sobre o sitio web onde se encontran dispoñibles estas instrucións e actualizarán esta información sempre que se produzan cambios nela. As comunidades autónomas darán traslado desta información á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nos prazos e coa forma que se determine de común acordo.

Artigo 7. *Matanza de emerxencia fóra do matadoiro.*

Sen prexuízo das normas de hixiene dos alimentos, cando, por razóns de benestar animal, se deba proceder á matanza dun animal fóra do matadoiro, o propietario ou posuidor do animal rexistrará esta matanza no rexistro establecido no punto 3.a) do anexo do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, con indicación do método de atordamento e de matanza utilizado.

En caso de que o propietario ou posuidor do animal teña a intención de que a canal do dito animal se destine ao consumo humano, realizará unha comunicación ao órgano competente das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, nos termos e prazos que este determine, co fin de que aquel poida dispoñer o necesario para realizar os controis oficiais que permitan, de ser o caso, a utilización para consumo humano da carne.

Artigo 8. *Matanza para consumo doméstico privado.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla levarán a cabo os controis oficiais necesarios para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, en relación co consumo doméstico privado.

Artigo 9. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto no presente real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e na normativa autonómica de aplicación, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Recursos humanos e materiais.*

As previsións contidas neste real decreto non suporán incremento de gasto público.

Disposición adicional segunda. *Certificación equivalente.*

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, co fin de adecuar o certificado de profesionalidade de sacrificio, preparación e despezamento de animais aos requisitos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1099/2009 e no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, procederá á modificación do Real decreto 646/2011, do 9 de maio, co obxecto de que a dita unidade de competencia se poida considerar como equivalente para efectos do certificado de competencia en benestar animal recollido no punto 2.c do artigo 3 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Guías de boas prácticas.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición establecerán, en coordinación coas comunidades autónomas, os procedementos necesarios para impulsar a elaboración e divulgación de guías nacionais de boas prácticas co fin de axudaren os operadores económicos na adopción das medidas derivadas da aplicación do Regulamento (CE) n.º 1099/2009.

Disposición transitoria primeira. *Normativa aplicable aos matadoiros.*

Non obstante o establecido na disposición derogatoria única, ata o 8 de decembro de 2019 seguirase aplicando, aos matadoiros que xa estivesen en funcionamento antes do 1 de xaneiro de 2013, o disposto no anexo A, parte I, número 1, e parte II, números 1, 6, 7, 8, 9, e segunda frase do número 3; e no anexo C, parte II, números 3 e 4, do Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza.

Disposición transitoria segunda. *Experiencia profesional.*

Non obstante o disposto en materia de formación, os órganos competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla poderán, ata o 8 de decembro de 2015, expedir certificados de competencia previstos no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 1099/2009, mediante o procedemento simplificado a que se refire o artigo 29.2 do dito regulamento, aos operarios que ao xuízo dos referidos órganos competentes acrediten unha experiencia profesional adecuada e previa de, polo menos, tres anos.

Para estes efectos, os operadores dos establecementos en que estes traballadores desempeñaron a súa actividade emitirán unha declaración responsable respecto do tempo de experiencia profesional adecuada do operario, así como dos seus coñecementos adecuados nas operacións e categorías de animais correspondentes, conforme establecía o Real decreto 54/1995 e conforme o previsto no Regulamento (CE) n.º 1099/2009, a partir do 1 de xaneiro de 2013. A información contida na declaración responsable será comprobada polos órganos competentes que expidan os certificados ou polas entidades en que delegasen o dito labor.

Cando o operario ao cal se lle teña que expedir o certificado leve menos de tres anos traballando para o último operador económico, aquel deberá achegar declaracións dos operadores onde anteriormente traballase ata completar polo menos os tres últimos anos inmediatos ao momento en que solicita a certificación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

O presente real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.ª e 149.1.16.ª da Constitución, polos que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN